

## IDENTIFICACION:

|                     |  |
|---------------------|--|
| <b>NOMBRE</b>       | <b>PLAN DE INTERVENCION INDIVIDUAL</b>   |
| <b>CODIGO</b>       | CLL2   |
| <b>EDICION</b>      | 4  |
| <b>TIPO</b>         | Esencial   |
| <b>PROPIETARIOS</b> | LUCIA BARRAL GOMEZ Y CRISTINA DIAZ ALVAREZ   |
| <b>ENTRADA</b>      | Necesidade de dispoñer de un plan de apoios axeitado ás súas necesidades   |
| <b>SALIDA</b>       | O documento do plan elaborado e aprobado   |
| <b>APROBADO POR</b> | POMPEYO FERNANDEZ PEREZ  |
| <b>NOTAS</b>        | <p>GLOSARIO:</p> <p>Familia: pais, irmáns ou representantes legais</p> <p>Persoal de Atención Directa: responsables de taller (Mestres de Taller e Encargados de Unidade de Axuste Persoal e Social), Axudantes de Taller e Coidadores.</p> <p>O Plan de Intervención Individualizado é unha programación específica e individualizada de actividades e apoios, que se diseña e desenvolve tendo en conta as características (persoais, familiares, socio-económicas, laborais, etc.) de cada un dos usuarios.</p> |

## PLAN DEL PROCESO:

|   |   |
|---|---|
| <b>MISION</b>                                 | Elaborar e aprobar un Plan de Intervención Individualizado (PII) para os usuarios, orientado ao desenvolvemento e/ou mantemento de capacidades, á adaptación ao ámbito e a proporcionar apoios que favorezan un aumento da súa calidade de vida   |
| <b>OBJETIVOS</b>                              | <ul style="list-style-type: none"><li>- Valorar a liña base da persoa con minusvalidez (habilidades - destrezas e limitacións).</li><li>- Establecer pautas de actuación coordinadas cos seus familiares.</li><li>- Definir obxectivos a conseguir en cada área de actuación, segundo as necesidades de cada persoa.</li></ul>  |
| <b>REQUISITOS, NECESIDADES Y EXPECTATIVAS</b> | <p><b>Usuarios</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Que se coñezan as súas necesidades e, en función delas, se planifique.</li><li>- Intervir na elaboración do plan, mostrando os seus intereses, expectativas e necesidades</li><li>- Que se potencie o éxito</li><li>- Que se teñan en conta os seus estados de ánimo</li></ul> <p><b>Familias</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Coñecer a formación/asistencia que imos ofrecer ao seu fillo.</li><li>- Ter confianza en que os profesionais que atenden o seu fillo o coñecen e se interesan por axudalo.</li><li>- Participar na elaboración do plan</li><li>- Que se teñan en conta o benestar e a satisfacción do seu fillo</li><li>- Que se lles informe da evolución do plan</li><li>- Que existan os medios, tanto humanos como materiais, para a axeitada planificación e desenvolvemento do plan.</li></ul> <p><b>Profesionais</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Ter unha liña de traballo con cada persoa con minusvalidez.</li><li>- Que calquera profesional de atención directa teña accesible un documento coa información relevante e as pautas de intervención dos usuarios ao seu cargo.</li><li>- Poñer á súa disposición os recursos e apoios necesarios.</li><li>- Que se teña en conta a súa experiencia na elaboración do plan</li><li>- Que se lle proporcionen os medios axeitados para levalo a cabo</li><li>- Que a Organización facilite o seu labor.</li></ul> |
| <b>LISTADO DE PROCEDIMIENTOS</b>              | CLL2.1. ELABORACION E APROBACION DO PII   |